
Follas do Cineclub | 27/05/2015

To face, Galiza 2011, 13', VO

Parque Europa, Galiza 2008, 5', VO

Dioses, Galiza 2014, 24', VO

(Proxeccións de vídeo de Virxinia Polke/Claudio Pato)

Coa presenza de Claudio Pato

04

«É a volta que me falta por dar.»

Lucía Montseny

Nun extremo o cine non ten necesidade de historias, actores e cousas polo estilo. Necesita un foco de luz. A luz é a razón do cinematógrafo.

Noutro extremo o cine non ten necesidade de espectadores pois as imaxes xa pensan que os teñen.

En-seres.

Precariedade e loita de clases.

O que pode un músculo. O que pode o subalterno.

Como sería posible falar sen dar ordes, sen pretender representar nada nin a ninguén, como devolver aos sons, ás imaxes un valor de loita contra o poder?

O que nos interesa é esa "cotianidade media", mediada e medida polo(s) sistema(s) ao tempo que impropia no de seu propio. Mais temos que pensar dende aí para non filmar o "sentido común".

Tecnoloxía:

"porque Auschwitz puido ser filmada en cores, tres ou catro anos despois, puidemos ver a felicidade de Elisabeht Taylor".

No campo onde estamos.

Mirar no claroscuro. No que o trenza. Resta dicir que a nós a idea do claroscuro válenos sempre, pois dáse algo aló que pon en apuros o mirar, o que de acontecemento se dá en toda mirada.

Ein Hammer auf den Kopf kann die Seele verletzen.

Precisamente para ver hai que romper a nosa familiaridade co mirar.

Só preciso ler, só me interesa ler, para no caso incluso poder pensar, escribir.

O rostro visto dende ningunha parte.

O morrer de María polas pastelerías

O que pinta aquí é o gusto polo detalle, polas viaxes, polos pasaxes. As pequenas cousas e as agrupacións que ao tratarse inventan. Pois así as miudezas que cortan o receptáculo.

No filme calquera ten de haber moita intelixencia que podemos pensar procede das criaturas ao elas liscar. Será que ao elas marchar arrímanlle restancia as ideas para que o filme calquera, o pensamento, a escritura deixe de ser humana?

Na conversación algo ven. Unha historia de amor. Neste xusto caso, si xusto! Unha historia de amor. Peut-être. Unha turbulencia arrastrada dende o exterior, unha turbulencia interior a luz que a propia luz exterioriza. Un "síntoma", un resto ou restancia que abre o asunto. Iso que non se filma mais o que o filme pon en escena.

Levas a roupa co de diante para atrás e do revés. Exactamente así: o como deberíamos filmar.

Montaxe 1

Recobrades a saúde en tanto que quen faga os cortes xa cunha coitela de capar homes xa cunha coitela de rasurar monos o faga con intelixencia. A fraternidade das imaxes. Os dentes.

Guerra(s)

Guión:

Dixo sentir a perda de Rocío e aínda esta. (Quizais). Seguir amando os espazos entre as (caixas das) verduras. Aquelo que non sucede no que se conta mais que dá lugar ao que se conta.

NOTAS SOBRE A CÁMARA DE GAS

Virxinia Polke (2008/2015)

Filmar 1:

Un intento de pór en orde os días. Pór en orde é un dicir, ordenar quizais unha escritura caligráfica que me acompañe. Pasar logo dunha escritura analóxica á unha dixital, e dar gracias a máquina, ás máquinas que posibilitan este tránsito. Tanto como a escritura mesma que é quen de ir acollendo os animais que por non sabemos que idea/problema, pensabamos desaparecidos. Veremos que filmar non ten regras.

Montaxe 2

O animote (animot) que nos resiste.

Filmar 2:

Ao mellor filmar é isto, un lugar onde vivir canda os outros, xusto fronte a toda hexemonía.

Ter unha teima, ao menos unha.

Imaxe

A que tipo de escritura atendemos cando atendemos a unha imaxe? Pero polo de agora só para falar do como se constrúe a escritura á que accedemos cando miramos. Quizais logo virá outra historia, todas as historias.

Tempo como atraso.

Memoria pour Montseny

Este cinema é benjaminiano, e acaso ten débeda coa Duras e así coas turbulencias. Moi violento. Entón adiantou as mans ata o rostro para desaparecer. E por este xesto entendemos que esta violencia que ela pon no seu oficio xa non é metafísica.

Adorno

Na vagabundaxe das imaxes un outro reparto do sensible ao elas responsabilizarse das restancias, do impropio que as inviste.

E agora que! Agora un miradoiro das estrelas ao que nos levou a néboa.

O cine quizais
Quizais un ENVÍO

Un cine por chegar. Unha contra-ventá.

EXTRACTO DA TRANSCRICIÓN DA ÚLTIMA CONVERSA TELEFÓNICA ENTRE VIRXINIA POLKE E LUCÍA MONTSENY

(recollido do arquivo policial da investigación aínda aberta da desaparición de Lucía Montseny en 2009)

VP: Oes, marchas mañá?

LM: Marcho. Vou ata Dublín e de aí irei en barco ata Gales.

VP: Xa sabes que eu non son unha señora pragmática, non é dar moita volta iso?

LM: É a volta que me falta por dar.

VP: Levas varias baterías para a cámara? Mira que sempre quedas sen ela no medio da mellor toma.

LM: Non é propio de nós, Virxinia, falarmos destas cousas tan mundanas. Pero si, levo tres.

VP: Onte relín *Marxismo e Literatura*. Vivimos nun tránsito interesante entre o residual e o emerxente e quero contalo. Gústame o traballo manual, o xesto, o que se fai para que desapareza.

LM: Nós somos xa residuais, por iso filmamos, colocamos un filtro entre nós e a experiencia.

VP: Ti filmas a paisaxe, os trens que pasan, o movemento.

LM: Ti os rostros e as mans. O íntimo. E, por tanto, o tempo.

VP: Un día teremos que mesturar todo iso.

LM: Un día. Cóidate, Virxinia.

INSTRUCCIÓNS PARA FACER UNHAS GALLETAS DE MARÍA GORDILLO PARA VIRXINIA POLKE

Ola Virxinia, mándoche unha receita de galletas de améndoa riquísimas:

- 350 gr. de manteiga en pomada (semi-fundida)
- 450 gr. de azucre
- 6 claras de ovo
- 375 gr. de améndoa moída
- 300 gr. de fariña triga

Mesturas todo e logo pólo a arrefriar unhas horiñas. Logo fas uns cilindros (axudándote co papel film) cortas e enfornas a temperatura media (170°C) sobre papel de forno para que non se che peguen. Cando vexas que as beiras van tomando cor torrada sácalas e deixas que arrefrién. Son unhas pastas durechas tipo tella. Xa me contarás

Acorda de mercar o papel film, linda.

ANACOS DUNHA TARXETA POSTAL DE MARCEL PARA VIRXINIA POLKE

Virxinia:

Teño un amigo carteiro que nas súas rutas en moto grava todo canto animal atopa no camiño pero sobre todo burros. Estou segura de que nese aceno esta condensado todo o que quere facer nos seus filmes. Sabes que odia os aforismos. E tamén que ten idea de facer un filme onde cada plano sexa un aforismo. O cactus, escolle o cactus. Escolle o maldito cactus.

DE CARLOS PARA VIRXINIA

Ola Claudio. Como estás?

Desculpa que che conteste tan tarde mais sabes que estamos en obras na Fundación. Desculpa sobre todo porque cada día se me fai máis insoportable loitar por algo que vive baixo constantes ameazas burocráticas e xusto o que me pides é o que debera dar sentido ao meu traballo. O caso é que non dei atopado a correspondencia que a Virxinia Polke e o Karl Fräuden cruzaron a propósito de *To face* despois do seu encontro en Ourense no gozoso inverno de 2012 (sabes que foi o último tempo de felicidade de Karl antes da enfermidade e do fóra de campo definitivo). Pola contra, si que che achego as notas dos cadernos de Fräuden onde se mencionan Virxinia, as súas obras ou o que eu interpreto como influencia das mesmas no pensar de Fräuden. Eu saio mal parado e son impostadamente frugais, como todo en Fräuden se esquecemos a inxesta de alcol, mais agardo que che/vos sirvan de algo. Son todas de decembro de 2012 e xaneiro de 2013.

* * * * *

3 de decembro

Ontes á noite coñecín a obra de Virxinia Polke na presentación do último libro de Rebeca en Ourense. Despois fun beber cos mozos da editora e xogamos ao fútbol borrachos como cubas. Agora devezos por coñecela a ela, á muller que se retrata a si mesma neses rostros.

8 de decembro

Insistínlle a Claudio Pato e presentoume por fin a Virxinia. Contrariamente do que se puidese pensar polo seu vestir extravagante, é unha muller reservada. Só fuma cando está soa.

9 de decembro

Só podo falar de Virxinia. Todo o día. Carlos está ridículamente celoso, claro. Colleu o meu diario e interpretou a miña última anotación de onte como unha evidencia dun desexo heterosexual sublimado.

21 de decembro

Escribinlle a Virxinia dicíndolle que quero facer un cartel para o seu próximo filme. Mais volverei aos pinceis, diso estou certo. As súas imaxes piden un Cézanne pintado enriba dun Richter.

[Podería certificar que a noite que escribiu isto non bebera menos de quince cubalibres]

2 de xaneiro

Virxinia contestoume. Di que non vai filmar nunca máis nada e descúlpase polo malentendido que me conducira á conclusión de que ela puidese ser unha cineasta. Escribinlle unha carta explicándolle que era ela a que estaba trabucada e que seguramente o cinema vive un momento similar ao que a pintura viviu hai máis de cen anos. De feito, son incapaz de non imaxinar a obra de Virxinia na Secesión de Viena ou de non pensala a ela mesma correndo polo Ring para atrapar un tranvía.

[Ben, amigo Claudio, aquí penso que sobran as anotacións. Ti saberás darlle uso ás hipérbolas absurdas do noso amigo para poder quitarlles o seu proveito]

16 de xaneiro

Para celebrar a nova da miña inminente morte, convidei a Virxinia a un concerto. Paseamos despois e ela explicame como a traspasara a Sinfonía dos Salmos de Stravinskí. Busco unha imaxe mellor que a da sacerdotisa laica, pero agora que o tempo me corre na contra, son incapaz de atopala.

* * * * *

Isto último é absolutamente falso. O concerto de John Eliot Gardiner aconteceu en novembro de 2011, antes de coñecer a Virxinia e antes de ter diagnosticada a súa enfermidade. Podo entender que alguén cometa un erro así nunhas memorias, mais que o faga nun diario é testemuña de que o delirio xa se apoderara del nesta nota.

Revisando *Dioses* (grazas por achegarme a copia), penso no feliz que tería sido Karl de ter sobrevivido para poder gozar dela e iso devólveme á melancolía e ao resentimento que día tras día me asedian e que só curan certas imaxes, por exemplo as mesmas de Virxinia Polke da que algún día estiven realmente celoso pero a quen agora adoro.

Os rigores da Fundación impídenme acompañarvos esta noite igual. Transmítelles todo o meu amor (herdado de Fräuden) á xente do Cineclube de Compostela e a todos os que se acheguen á proxección desta noite.

**CINECLUBE
DE
COMPOSTELA**

ASOCIACIÓN

O Cineclube tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
① cineclubedecompostela.blogaliza.org
facebook.com/cineclubedecompostela
@cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores na
Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21.
Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

**MAI
2015**

6 DE MAIO

A historia de Phenix City
(*The Phenix City Story*, Phil Karlson,
EUA, 1955, 100', VOSG)

20 DE MAIO

O tiroteo
(*The Shooting*, Monte Hellman,
EUA, 1966, 82', VOSG)

13 DE MAIO

Goliath
(*Goliath*, David Zellner,
EUA, 2008, 80', VOSG)

27 DE MAIO

To face, Galiza 2011, 13', VO
Parque Europa,
Galiza 2008, 5', VO
Dioses, Galiza 2014, 24', VO
(Proxeccións de vídeo de
Virxinia Polke/Claudio Pato)
Coa presenza de Claudio Pato